



Personalizar os libros da Editorial Netex

1. Inserir os libros

A Editorial Netex participa na actualidade no proxecto E-dixgal, proporcionando dous formatos de libro: formato Smart e Scorm. O formato Scorm é o máis antigo, fronte o formato Smart que presenta unha visualización máis moderna, mellorando a experiencia de navegación do usuario e permitindo a súa edición.



No catálogo do EVA, a editorial facilita un manual moi detallado con todas as funcións e características dos seus libros.

Cando accedemos por primeira vez a un curso E-Dixgal recién creado aparece un aviso, "Aínda non hai ningún recurso ou contido engadido ao curso". Polo que debemos escoller a materia que imos impartir nesta aula. Sen seleccionar a materia, non aparecen as pestanas que nos permiten inserir os libros das diferentes editoriais.


Edixgal Catálogo

Materia do catálogo


Selecciona unha materia ▾

Cambiar

A partir deste momento, cambia a lenda e agora avísanos con: "Aínda non hai ningún recurso ou contido engadido ao curso". Pero xa desde este momento aparecen as distintas pestanas para inserir os libros.



No EVAFORMACION non aparecen as Pestanas da Editorial Netex. Sen embargo no EVA, aparecen.



Vexamos as diferentes formas de inserir un libro Netex

1. A máis sinxela é a través das pestanas. Repito, no EVAFORMACION non aparecen, pero si no EVA. Para isto pinchamos na pestana da Editorial




2. A través das pestanas de Netex-Smart, podemos inserir un libro en formato Scorm ou en formato Smart


- 1. Los números naturales
- 1. Los números naturales - Profesor
- 1. Los números naturales

O libro co logo en cor Azul ten formato Smart e os libros co logo en verde presentan un formato Scorm. A editorial facilita dous libros Scorm, o libro do alumno e o libro do profesor. A aparencia dos dous formatos é a seguinte:

■ Formato Smart:



■ Formato Scorm:



3. Para inserir os libros da editorial na aula debemos seleccionalos. Se queremos seleccionalos todos prememos en Seleccionar Todos/Ningún

Seleccionar Todos/Ningún

Ou podemos ir seleccionado un a un, e escollendo a sección na que desexamos introducir os libros:

Seleccionar toda a sección

1. Los números naturales
1. Los números naturales - Profesor
1. Los números naturales

Sección 3
Selecciona unha sección
Selecciona unha sección

4. Unha vez que teñamos os libros seleccionados debemos premer no botón Sincronizar que está no fondo da pantalla

Sincronizar

5. Unha segunda forma de inserir os libros de tipo Smart é activando a edición

Activar a edición

E pinchar en "Engadir unha actividade ou recurso"

Engadir unha actividade ou un recurso

6. Escollemos a icona Smart Classroom



7. Seleccionamos a materia, nivel educativo, o libro e a unidade didáctica. Finalmente clic en "Creación da actividade"

Tipo de Unidade

Seleccione Asignatura: Lingua Galega

Seleccione Nivel educativo: 1º ESO

Seleccione libro: IESO. Lingua e Literatura Galega. 1-T - Edición 2020

¿Qué unidad quere engadir nesta clase?: 1. Coas palabras e cos xestos


Nome SmartClassRoom: 1. Coas palabras e cos xestos

Creación de actividade

2. Engadir unha sección ao libro

Vexamos como modificar un libro de texto, engadindo contidos ou ben quitándoos.


1. Accedemos ao libro co rol de profesor



2. O primeiro que observamos é que podemos engadir unha sección enteira ao libro de texto con contidos personalizados. Se pinchamos nesa sección con novo contido parece á dereita dúas utilidades: engadir ficheiro e engadir ligazón.



3. Se pinchamos en engadir ficheiro, o sistema permítenos xuntar un arquivo con documentación adicional. Pode resultar interesante xuntar as presentacións empregadas na aula, exames de anos anteriores, exercicios resoltos, etc.



4. Se desexamos introducir a metodoloxía de aula invertida podemos engadir ligazóns a vídeos onde se explique os conceptos clave da unidade didáctica. Cada día hai máis profesores que comparten os seus vídeos con toda a comunidade educativa. Outros docentes apostan por actividades máis lúdicas e familiares aos alumnos, como procurar adxetivos nunha canción de rap.


X Nuevo enlace

Galegado IES PINTOR COLMEIRO

https://youtu.be/X9ctjGe5IAQ

Añadir

5. A plataforma de Netex permítenos ordenar os contidos. Isto resulta moi interesante para configurar a escaleira de aprendizaxe, onde a editorial aporta a información teórica e o docente a documentación relativa aos procedementos. E por suposto, engadir os vídeos da aula invertida que complementen os contidos teóricos.



3. Personalizar o texto dun libro


En ocasións vémonos na obriga de modificar o libro de texto, para correxilo ou ben para contextualizado ao traballo feito na aula. Para isto entramos nunha das seccións do libro.



1. Clic no lápiz.



2. Suprimimos o texto que consideremos inapropiado. Tan só temos que seleccionalo e premer na tecla de suprimir no teclado
3. Pero noutras ocasións queremos resaltar os conceptos máis importantes da unidade. Para isto, seleccionamos o texto a personalizar e aparecerá unha nova barra de ferramentas.




4. Por exemplo podemos resaltar con cores a información máis importante á hora de estudar


Os arquipélagos

Os dous arquipélagos máis importantes do territorio español teñen un relevo ben distinto: no Mediterráneo, as **Illas Baleares** constitúen unha prolongación do relevo peninsular que volve emerxer no mar. No Atlántico, as **Illas Canarias** teñen unha orixe volcánica que as singulariza.

5. Ademais podemos inserir novos contidos: imaxes, vídeos. Para isto pinchamos no símbolo "+"



6. Se pinchamos en imaxes, o asistente amosa a mensaxe 'Subir unha imaxe'. O tamaño da imaxe non debe de ser moi grande, pois despois non podemos reducila.



7. O resultado é o seguinte:

Os arquipélagos

Os dous arquipélagos máis importantes do territorio español teñen un relevo ben distinto: no Mediterráneo, as **Illas Baleares** constitúen unha prolongación do relevo peninsular que volve emerxer no mar. No Atlántico, as **Illas Canarias** teñen unha orixe volcánica que as singulariza.

As **Illas Baleares** son unha extensión da cordilleira Costeiro-Catalá e das cordilleiras Béticas.


As illas **meridionais** dividen o seu relevo en tres conxuntos: Serra da Tramuntana, Depresión Central e Serras do Llevant:



4. Vídeos de Youtube



Prememos en Insertar un mapa e pegamos a url do vídeo a inserir.
Por exemplo este: **Monte Pindo**



- Un bloque elevado (arredor dos 800-1000 metros sobre o nivel do

5. Engadir actividades

En ocasións é conveniente inserir pequenas actividades que sirvan para afianzar os contidos.



1. As máis sinxelas son as non interactivas, nas que só introducimos o texto co traballo a desenvolver

Serafina sempre tivera moito coidado en non **derramar** ningún obxecto do microcosmos internacional que a tía fora construíndo na súa casa. En canto ás galletas holandesas... Ben, Serafina abría, mais conformábase con cheirar o contido do tarro. Polas noites, sen que ninguén a vise, a rapaza deixaba que o perfume delicioso que desprendían aromatizase o salón. Ás veces, se pechaba os ollos, tiña a sensación de estar **esvarando** coa súa bicicleta por un camiño cheo de árbores de canela e mazás holandesas.



Teresa González Costa, *A filla do ladrón de bicicletas*, Xerais, 2010.

1. Fai un resumo da lectura no teu caderno.

2. Pero tamén podemos escoller actividades interactivas. A primeira delas é o texto libre.

5. Le o texto e responde ás seguintes preguntas:

- Cal é o texto literario e cal o non literario? Explicade a vosa resposta.
- Que aspectos se destacan do raposo no primeiro texto?
- Que aspectos se destacan do raposo no segundo texto?
- Que diferenzas existen nos dous textos?
- Que outro nome ten o raposo?

3. Resposta múltiple

6. Sinala cas das seguintes frases é a correcta

Lembro que olloute. fixamente

- Verdadeiro Falso

Lembro que ollouche fixamente

- Verdadeiro Falso

Lembro que te ollou fixamente

- Verdadeiro Falso

4. Ou exercicios de emparellar

3. Emparella as magnitudes coa súa unidade no sistema internacional.

Lonxitude	Amperio
Intensidade de corrente eléctrica	metro
Tempo	grados Kelvin
Temperatura	segundos

6. Recuperar un libro xa gardado

Cando un usuario docente quere inserir no seu curso un libro da editorial que xa personalizou noutro curso diferente, o sistema imprime en pantalla unha mensaxe como a seguinte:

▼ Tipo de Unidade

Selecione Asignatura

Selecione Nivel educativo

Selecione libro

¿Que unidades queres engadir nesta clase?
LEMBRA: esta decisión afectará a todas as unidades que engadas a partir de agora nesta clase (ou ben todas virán do libro orixinal ou ben todas serán unha copia das que tes en outra clase).

Usar as unidades do libro orixinal

Engadir as unidades que estou utilizando nunha clase

¿Qué unidade quere engadir nesta clase?

Nome

A opción por defecto é a de usar unidades do libro orixinal

- Usar as unidades do libro orixinal
- Engadir as unidades que estou utilizando nunha clase

No caso de desexar a recuperación dunha unidade xa gardada, seleccionamos a segunda opción: "Engadir as unidades que estou utilizando nunha clase" e escoller o curso no que empregamos as unidades modificadas

A páxina tamén nos preguntará se desexamos vincular as unidades. Esta opción é moi interesante, pois ao modificar unha das unidades, automaticamente modificaranse as restantes vinculadas. Finalmente escollemos a unidade didáctica

Usar as unidades do libro orixinal

Engadir as unidades que estou utilizando nunha clase

Selecione unha clase

Vinculación E queres que as unidades estén vinculadas? Isto fará que, se modificas algo nunha unidade, o cambio tamén farase na mesma unidade da/s outra/s clase/s.

¿Qué unidade quere engadir nesta clase?

Nome

SmartClassRoom


E finalmente clic en Creación de Actividade

Creación de actividade

Cando abrimos a unidade que acabamos de inserir, o sistema amosará unha lenda na parte superior á esquerda, avisándonos que o contido está vinculado, e polo tanto calquera cambio que fagamos nesta unidade didáctica provocará un cambio nas restantes unidades vinculadas.




Se pasamos o raton por enriba da lenda, aparece un cuadro informativo cun botón, mediante o cal, podemos desvincular a unidade.




7. Como imprimir unha unidade didáctica

A editorial Netex facilitar unha versión imprimible das diferentes unidades didácticas. Pero debemos ter en conta que se trata dunha unidade orixinal, é dicir, non aparecerán reflectidos nela os cambios que o docente faga no libro.

Para acceder ao recurso, entramos dentro da unidade de Netex



Seguidamente accedemos a un dos bloques. Arriba á dereita dispoñemos dunha icona de recursos



E pinchamos en versión imprimible



Con isto teremos a versión en pdf da unidade. Sen embargo o número de follas do documento é moi elevado, e seguramente non sexa necesario un tamaño de fonte tan grande.

Para diminuír o número de follas podemos empregar o pdfArranger ou similar, que nos permite eliminar follas que non queremos imprimir. Seguidamente podemos empregar o terminal de gnu/Linux para imprimir nunha folla dun pdf varias follas do documento, aínda que isto podémolo facer tamén desde o asistente da propia impresora.

```
pdfbook2 —paper=a4paper —short—edge —no—crop libro_netex_orixinal.pdf
```

Pero para empregar esta función debemos instalar o seguinte paquete:

```
sudo apt install texlive-extra-utils
```

Se queremos imprimir máis pequeno aínda podemos utilizar este comando

```
pdfnup —nup 4x2 libro_netex_orixinal.pdf
```

O resultado quedaría do seguinte xeito:

